- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
17	Lingua latina X	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	20
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron desde o latín ás linguas de repertorio propio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, do contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.

Contidos

- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
18	Lingua latina XI	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	20
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron desde o latín ás linguas de repertorio propio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.

Contidos

- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, do contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

4.1. Concrecións metodolóxicas

INTRODUCCIÓN

A materia de Latín ten unha serie de circunstancias que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. Por unha banda, a lingua latina é iso, unha lingua, o que supón o emprego de metodoloxías propias da aprendizaxe de linguas. Por outra banda, a redución progresiva dos contidos de historia e cultura do mundo antigo nos currículos doutras materias fai que o currículo de Latín estea inzado de contidos desta natureza, básicos para entender o contexto da produción literaria do mundo romano, mais que supoñen a introdución de metodoloxías e, sobre todo, principios avaliativos que diverxen moito dos utilizados na aprendizaxe das linguas. Por se todo isto non fose pouco, o feito de que o latín sexa "stricto sensu" unha lingua morta, leva a unha interpretación extensiva deste concepto como lingua que non se pode falar e/ou escribir con fins comunicativos ordinarios, cando realmente unha lingua morta é, simplemente, unha lingua carente de falantes nativos/os. Este último aspecto provocou nos últimos dous séculos a consolidación dunha metodoloxía moi particular da aprendizaxe do latín, baseada nun profundo coñecemento gramatical e na utilización constante de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos, entendemento que tería como finalidade última a tradución á lingua propia.

Concretamos o tipo de metodoloxía que imos empregar en líneas xerais:

Como exemplificación das diferentes metodoloxías e das que faremos uso ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe, salientamos:

a. Nos contidos de morfoloxía, sintaxe, comprensión e interpretación dos textos: levaremos a cabo unha metodoloxía participativa e común, na que un alumno ou alumna analiza e traduce (por poñer un exemplo) e outros compañeiros

farán as súas correccións, xustificándoas.

O profesor será un simple guía e deste xeito fomentaremos as súas capacidades reflexivas e de autonomía do alumnado.

- Esta metodoloxía propiciará unha aprendizaxe dedutiva e reflexiva: profundización nos seus propios erros.

Hai que ter en conta que se aprende, cos erros e dos erros.

Preténdese que así sexan capaces de reflexionar sobre o que os levou a equivocarse e que sexan quen de non cometer os mesmos erros noutras situación semellantes. Así tamén estaremos poñendo en práctica a competencia persoal, social e de aprender a aprender porque terán que ser respectuosos nas súas aportacións e nunca minusvalorar as dos compañeiros.

- Noutros momentos o docente explicará unha serie de contidos que despois serán explicados polos alumnos/as para ver o grao de adquisición dos seus coñecementos.

- Leremos textos latinos de dificultade baixa para ir progresando cara outros de maior complexidade.

- Tamén faremos "relectio" de ditos textos, pois capacita ao alumnado para fixar as formas de análise e comprensión dos mesmos e poder empregalos noutros dun xeito máis hábil.

Tentaremos cara a terceiro trimestre que os alumnos/as poidan ler ter textos en Latín e comprender, polo menos, o seu contido fundamental.

b. Latín e Plurilingüismo: No tocante a aprendizaxe do léxico: a metodoloxía basearase no método dedutivo. Tentamos ver nun primeiro momento que palabras do léxico latino poden deducir a través das semellanzas con outras das nosas linguas cotiás (galego, castelán) ou con outras que coñeza o alumnado; tamén faremos derivados do "étimo" porque axuda a coñecer o significado de moitas palabras latinas.

c. No apartados culturais de Roma: Faremos eixes cronolóxicos (por exemplo, das distintas etapas da historia de Roma; presentación de mapas en formato power point (por exemplo, para as diferentes etapas da romanización de Hispania e Gallaecia); noutras ocasións textos traducidos relacionados coa temática a tratar...

- E para os contidos da mitoloxía, arte, etc : veremos diferentes cadros con temática mitolóxica, de arte ... a través da internet, manuais de arte ... coa finalidade de que ademais da súa aprendizaxe, vexan como o antigo mundo grecorromano segue vixente no actual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBROS DE TEXTO
Libro de texto da editorial Anaya de 1º bacharelato, publicado en setembro do curso pasado e adaptado á Lomloe.
OUTROS MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS
a. Apuntes para repaso e ampliación realizados pola profesora.
b. Powerpoints da influencia da mitoloxía en diversas artes.
c. Power points para ampliación de temas como por exemplo a "Romanización de Hispania e Gallaecia".
d. Dicionarios etimolóxicos, mitolóxicos, de etimoloxía, expresións latinas de uso cotiá, de latín-galego e castelán...
e. Libros de consulta e revistas especializadas.
f. Documentais e conferencias ou podcasts.
RECURSOS EN REDE
PÁXINAS DE CONSULTA NA INTERNET: www.culturaclasica.com . O almacén de clásicas e o enlace ao IES Mariano José de Larra.
Aula virtual do instituto.

LIBROS DE TEXTO

- O xa mencionado de Latín 1º Bacharelato da editorial Anaya que foi elaborado este curso seguindo a Lomloe.

OUTROS RECURSOS

Ampliación empregando a rede de internet:

a. A páxina de "almacén de clásicas" na que ademais remite a ligazón do " IES Mariano José de Larra" que ofrece documentais de pouca duración relacionados co mundo clásico e, entre outros, tamén xogos interactivos.

b. <https://www.culturaclasica.com.ingualatina/recursos.htm> : páxina de ligazóns a páxinas relacionadas da devandita editorial.

c. Outra ligazón interesante para o profesorado, para acceder a materiais xa liberados de dereitos de autor e que poder ser interesantes para afondar nos métodos activos é <https://vivariumnovum.it/risorse-didattiche/pratica-didattica/fabulae-scaenicae>, ligazón á páxina de recursos da academia Vivarium Novum de Italia, un dos referentes mundiais na formación en latín como lingua viva.

Por outro lado, cando faciamos referencia a documentais, recomendamos os postos na TVG o ano pasado, e que este están volvendo a emitir: "A inxenería romana" sobre distintos temas de Roma.

E, nas conferencias e podcasts da Fundación "Juan March", onde atopamos algúns de interese para o alumnado de primeiro de bacharelato como o adicado ao emperador Octavio Augusto e a súa época, entre outros.

- Aula virtual do instituto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

INTRODUCCIÓN

Latín de 1.º de bacharelato é unha materia na que, debido a que non foi obrigatoria en ningún momento da ESO, é preciso partir de cero.

Debido a que neste curso temos alumnado que non cursou Latín de 4º, a materia darase dende o principio.

Unha vez que nos puxemos en contacto co Departamento de Orientación do Centro, fíxonos saber os informes dos nosos alumnos e alumnas.

Dito isto, realizaremos na terceira semana do mes de setembro a Avaliación Inicial para coñecer distintos aspectos do noso alumnado que despois citaremos.

TEMPORALIZACIÓN

Faremos en Latín 1º Bacharelato a Avaliación Inicial na segunda semana de setembro.

OBXECTIVOS

1.º Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.

2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Latín I.

3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).

4.º Identificar o alumnado repetidor e coñecer aqueles aspectos nos que ten máis problemas

5.º Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura romana en xeral e da lingua latina en particular.

INSTRUMENTOS

1. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos cinco obxectivos apuntados anteriormente.

2. Diálogo co alumnado os primeiros días nas sesións presenciais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	5	5	4
Proba escrita	80	100	80	100	80	80	80
Táboa de indicadores	20	0	20	0	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	4	4	5	4	5	4	7
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	9	100
Proba escrita	80	80	80	80	82
Táboa de indicadores	20	20	20	20	18

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados.

Nas probas da materia distínguense:

O apartado de cultura e civilización do que se obterá o 40% da nota

O apartado de gramática e tradución do que se obterá o 60% da nota. A nota de este apartado será progresiva e polo tanto se terá en conta as notas das avaliacións anteriores segundo os seguintes criterios:

1.ª avaliación: 60% da media de todas as notas obtidas das probas de esta avaliación (A1)

2.ª avaliación: $A1 + 60\%$ da media de todas as notas obtidas das probas de esta avaliación (A2), que contará o dobre que a primeira, é dicir: $A1 + A2 + A2$ dividido entre 3

3.ª avaliación: $A1 + A2 + A2 + 60\%$ da media de todas as notas obtidas das probas de esta avaliación (A3), que se contará 3 veces. É dicir, a nota final de este apartado obterase do seguinte modo: $A1 + A2 + A2 + A3 + A3 + A3$, dividido entre 5

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final obterase do 40% da media das notas da parte de cultura e civilización e o 60% do apartado de gramática e tradución

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos das unidades.

2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación das unidades

3. Caderno do profesor: onde aparecerán anotados o traballo diario do alumnado.

Criterios de recuperación:

Non se fará examen de recuperación xa que na nota final se terán en conta todas as notas obtidas ao longo do curso. Avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria para aqueles alumnos/as que non acadasen o aprobado na avaliación ordinaria.

Terán que facer unha proba escrita con todos os contidos vistos ao longo do curso.

Terán unha cualificación positiva, sempre e cando, obteñan unha puntuación dun 5 nesta proba escrita extraordinaria. Nela entrarán todos os contidos vistos ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocióne sen superar a materia.

O departamento programará as actividades e probas que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento e os criterios de avaliación. O profesorado da materia de Latín II en 2.º de bacharelato será o encargado de facer o seguimento do alumnado que promocióne coa materia pendente. De non existir esa posibilidade, porque non se imparta a materia de Latín II, o xefe ou xefa de Departamento decidirá quen se ocupa dese seguimento que se realizará nas sesións de reunión do equipo docente do grupo no que cursa o alumnado.

O alumnado que non se matricule en Latín II en 2.º de bacharelato, poderá escoller outra materia e seguir o procedemento que aquí describimos para recuperar Grego I.

Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, cuestionarios na aula virtual, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento e probas escritas en datas proporcionadas pola xefatura de estudos.

Para a recuperación da asignatura de Latín de 1º curso teranse en conta dous criterios:

1-Si o alumno/a cursa a asignatura de Latín en 2º curso e supera a avaliación dos contidos de esta materia, daráselle por superada a materia do curso anterior, xa que esta é unha asignatura de contidos progresivos, e, acadar os obxectivos na materia de 2º curso, implica ter superados os contidos do curso anterior.

2- Si o alumno/a non cursa a materia de Latín en 2º curso de Bacharelato, terá que demostrar que ten interese en superar a materia de 1º curso, facendo probas ao longo do curso nas que demostre ter acadado os contidos mínimos esixidos nesta materia

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

No Primeiro curso de Bacharelato non é moi fácil valorar os coñecementos previos que o alumno ten dos contidos de lingua latina, xa que pode ser que sexa a primeira vez que se enfreta a esta materia. De todos xeitos pódense valorar os coñecementos que os alumnos teñen de outras linguas indoeuropeas, morfoloxía nominal e verbal, sintaxe, fonética, e en xeral os coñecementos gramaticais que os alumnos teñen das linguas que estudaron.

Para acreditar o nivel do que parte o alumnado presentáremoslles ós alumnos unha serie de tarefas ou cuestións que se consideren representativas dos contidos a valorar.

Existe unha ampla posibilidade para elaborar e realizar este tipo de probas, cada unha delas con ventaxas e inconvenientes, polo que é necesario seleccionar as probas en función da capacidade que se desexa avaliar, e combinalas entre si para poder obter unha información máis válida:

- Probas de composición: encamiñadas a pedir que os alumnos organicen, seleccionen e expresen as ideas esenciais dos temas a tratar.

- Preguntas de resposta curta: nelas o alumno debe aportar unha información moi concreta e específica de cuestións de certa relevancia.

- Preguntas de texto incompleto: as respostas quedan intercaladas no texto que se lles presenta ós alumnos.

- Preguntas de correspondencia ou emparellamento: preséntanse dúas listas, A e B, con palabras ou frases breves dispostas verticalmente para que os alumnos establezan as relacións que consideren adecuadas entre cada palabra da columna A coa correspondente da columna B, argumentando a relación establecida entre as mesmas.

- Preguntas de opción múltiple: constan dun tronco ou base no que se fundamenta a cuestión, e un número indeterminado de respostas opcionais das que só unha é a acertada.

- Preguntas de verdadeiro ou falso: válidas para medir a capacidade de distinción entre feitos e opinións ou para mellorar a exactitude nas observacións, argumentando a resposta elexida.
- Preguntas de analoxía/diferenzas: serven para establecer clasificacións ou características entre feitos, accións... Trabállase sobre todo na comprensión e o razoamento.

O alumnado que queira cursar a materia de Latín II sen ter cursado a presente materia de Latín I, deberá cursar esta materia como pendente acolléndose ao procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes descritos no punto 5.3 e de acordo co descrito no artigo 32 da Resolución de 26 maio do 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso académico 2022-23.

Terá dúas opcións para incorporarse á materia de segundo de bacharelato. A primeira sería acreditar eses coñecementos necesarios nunha proba escrita deseñada a tal efecto polo Departamento didáctico e que se realizaría antes do comezo do curso para poder avaliala e determinar se pode matricularse. Isto suporía que supera a materia de Grego I coa nota obtida na proba escrita. Esta proba constará das seguintes partes:

- Preguntas tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, mitoloxía, legado, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas de contidos non lingüísticos desta programación. Estas preguntas achegarán o 25 % da puntuación total da proba.
- Eercicio de lectura en voz alta dun texto en latín clásico. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.
- Eercicio de comprensión de texto. O alumnado lerá un texto e responderá en grego as preguntas de comprensión deste texto. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.
- Eercicio de tradución de texto grego a galego ou castelán. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.

A outra opción, dado que esta materia conta con gran parte de contidos progresivos, sería superar a primeira avaliación de Latín II con nota de 5 como mínimo e esa sería a cualificación da materia de Grego I como pendente.

De non superar ningún destes procedementos, o alumnado deberá seguir cursando a materia de Latín I segundo o procedemento do punto 5.3.

6. Medidas de atención á diversidade

Realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.).
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X				X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.					X	X		
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.						X		
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X		X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17	UD 18
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.		

	UD 17	UD 18
ET.4 - A competencia dixital.	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, deseñada para que o alumnado mediante a lectura aprenda a se expresar por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
2. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente nas unidades que tratan os contidos culturais, mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción power points e recursos audiovisuais propios.
4. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico nas unidades que se han empregar textos relacionados coa historia de Roma e a evolución da sociedade.
5. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións do alumnado.
6. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a persoa docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
7. A igualdade de xénero. A persoa docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade.
8. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1 Festival de teatro grecolatino.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo, normalmente.		X	
2 Participación nos LUDI COMPOSTELLANI organizadas pola SEEC	Participación en algunha das actividaes que seorganizan dentro destes xogos		X	
3 Viaxe a Grecia ou Italia.	Posibilidade de organizar unha viaxe a Grecia ou Italia. Esta viaxe se realizaría a final de curso			X

Observacións:

Asistencia a algunha outra actividade como exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Metodoloxía empregada
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación? Para avaliar este indicador de logro revisarase con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, plasmaranse nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. Nos grupos de bacharelato, neste caso 1º, os grupos adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente o profesor/a ten unha previsión dos resultados que terán os alumnos/as en base ás observacións diarias na aula e as diferentes probas realizadas polo alumnado.

É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto (ou desacerto) na previsión permitirá ao profesor dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso?

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación? A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación? A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é un aspecto que pode

ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado.

Estes apartados permiten obter unha boa información para valorar o desenvolvemento da materia en xeral.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados